



RESOLUCIÓN DO 22 DE DECEMBRO DA DIRECCIÓN DE GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, POLA QUE SE CONVOCA, PARA VINCULACION INDEFINIDA, A COBERTURA DE DOUS POSTOS DE ESPECIALISTA EN RADIOFARMACIA

De conformidade co establecido no artigo 12 do Convenio colectivo para o persoal laboral do sector sanitario de Galicia xestionado por fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas, e en virtude das atribucións que en materia de selección e contratación de persoal lle son conferidas polos Estatutos de creación de Galaria, convócase proceso de selección de persoal indefinido, para a cobertura de dúas prazas de especialista en Radiofarmacia para a Unidade de Radiofarmacos PET Galicia, xestionada por Galaria.

O proceso de selección realizarase de conformidade coas seguintes

B A S E S

Primeira. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal para a cobertura con carácter indefinido de dúas prazas de especialista en Radiofarmacia para a Unidade de Radiofarmacos PET Galicia, mediante contrato indefinido, ao abeiro recollido no Convenio colectivo para o persoal laboral do sector sanitario de Galicia xestionado por fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas.

POSTO	Rfª	CATEGORÍA PROFESIONAL	Nº POSTOS
ESPECIALISTA EN RADIOFARMACIA	CT	Facultativo especialista	2

Segunda. Requisitos para participar na convocatoria

Poderán participar na presente convocatoria os interesados que na data da finalización do prazo para a presentación de instancias reúnan os seguintes requisitos:

- Posuir a nacionalidade española ou a dalgún Estado membro da Unión Europea ou do Espacio Económico Europeo ou ostentar o dereito á libre circulación de traballadores conforme ao Tratado da Unión Europea ou a outros tratados ratificados por España ou ter recoñecido tal dereito por norma legal.
- Estar en posesión da titulación de Especialista en Radiofarmacia. No caso de titulación obtida no estranxeiro deberá posuir o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- Posuir a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente contrato.
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera Servizo de Saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin atoparse inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.
- Non atoparse inhabilitado, por sanción ou pena, para o exercizo profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ter sido separado por sanción disciplinaria, dalgunha das súas administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.
- Aportar toda a documentación esixida para cada posto dentro do prazo establecido.

Ó se presentaren a este proceso, asúmese que as e os candidatos coñecen e aceptan as bases da convocatoria.

Terceira. Solicitudes e documentación

As interesadas ou interesados en participar na convocatoria deberán de presentar solicitude, segundo modelo de instancia que se xunta como anexo I, á súa disposición no Rexistro Xeral de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, no Servizo Galego de Saúde, Edificio Admvo. San Lázaro, 3º Andar (15.707 Santiago de Compostela), en horario de 9.00 a 14.00 horas, e nas páxinas web: www.galaria.org e www.sergas.es.



As solicitudes e a documentación anexa que conteña a xustificación dos requisitos e méritos presentaranse no Rexistro de entrada de Galaria, dirixidas á Directora de RRHH, no prazo de 15 días naturais a contar desde o seguinte á data da publicación do anuncio da presente convocatoria no DOG. Será causa de inadmisión ao proceso selectivo a presentación extemporánea da solicitude polo interesado.

As solicitudes e o resto da documentación poderán, así mesmo, presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Xunto coa solicitude, deberá aportarse a seguinte documentación acreditativa dos requisitos e méritos dos interesados:

- Fotocopia compulsada do DNI ou do pasaporte ou documento que acredite a identidade, nacionalidade e data de nacemento do interesado, así como, de ser o caso, as circunstancias do dereito a que se refire o apartado a) da base segunda.
- Fotocopia compulsada do título exisido. Deberá presentarse copia traducida por traductor xurado daqueles títulos que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado Español.
- Declaración responsable de non ter sido separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera Servizo de Saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin atoparse inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.
- Certificación médica acreditativa da capacidade funcional para o desempeño do posto de traballo.
- A acreditación da experiencia profesional realizarase por certificado emitido pola dirección da empresa ou Institución, onde conste a categoría profesional, as datas da prestación do servizo e o tipo de vínculo baixo o cal foron prestados e acompañarase do informe de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social e copia compulsada dos contratos de traballo.
- A acreditación da formación realizarase mediante diploma ou certificado no que conste o título da actividade formativa, a identificación da entidade convocante e organizadora da mesma, as datas de realización do curso, o número de horas e/ou créditos do mesmo, o programa ou contidos impartidos e resolución de acreditación das comisións nacional ou autonómica de Formación Continuada.

Cuarta. Sistema de selección

A selección dos aspirantes, levarase a cabo por un procedemento de concurso-oposición.

4.1.- FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición consistirá na realización dos seguintes exercizos, cunha puntuación global de 0 a 60 puntos:

1º Exercicio (eliminatorio):

Consistirá na contestación por escrito dun exercizo de preguntas cortas do temario do Anexo II, nun prazo máximo de 120 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 30 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas ou as contestadas erroneamente non terán valoración ningunha.

Para superar este exercizo deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do valor do mesmo.

2º Exercicio (eliminatorio):

Consistirá na realización dun caso teórico-práctico, directamente relacionado coa actividade específica do posto, nun prazo máximo de 60 minutos.

Rematada a proba, as/os aspirantes deberán facer unha exposición oral ante a Comisión de Valoración, en defensa do seu caso.

Este exercizo será valorado de 0 a 20 puntos.

Para superar este exercizo deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do valor do mesmo.

3º Exercicio (obligatorio non eliminatorio):

Consistirá na realización dunha proba de coñecemento do inglés, nun prazo máximo de 40 minutos.

A proba consistirá na tradución dun texto técnico relacionado coa especialidade do inglés ao castelán.

Este exercizo será valorado de 0 a 5 puntos.



4º Exercicio (obligatorio non eliminatorio):

Consistirá na realización dunha proba de preguntas cortas de coñecemento do galego, nun prazo máximo de 20 minutos.

Este exercizo será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas ou as contestadas erroneamente non terán valoración ningunha.

4.2.- FASE DE CONCURSO

A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos acreditados de conformidade co baremo recollido no anexo II, valorados de 0 a 40 puntos.

Só se terán en conta os meritos que o interesado reúna na data da publicación da convocatoria e acredite no prazo de presentación das instancias.

A puntuación total que os aspirantes poderán acadar polo conxunto de ámbalas dúas fases no proceso selectivo será 100 puntos, distribuídos nun 60% para as fases de probas e un 40% na valoración de méritos.

Os aspirantes deberán acadar unha puntuación mínima global de 35 puntos. De non acadarse a citada puntuación mínima por ningún dos aspirantes poderá quedar deserta a convocatoria.

Quinta. Comisión de Valoración

Para a selección dos aspirantes constituirase unha Comisión de Valoración, cuxas funcións serán a determinación concreta do contido das probas e a cualificación das e dos aspirantes, tanto na fase de oposición como na de concurso, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento das probas selectivas, e elevar proposta de adxudicación do contrato á dirección de Galaria.

A Comisión de Valoración terá a seguinte composición:

- Presidenta: Dña. M^a Luisa Brandt Sanz, Directora Xerente de Galaria, que ostentará o voto de calidade para o caso de empate.
- Vogais:
 - D. Ramón Guitián Iglesias, Director Técnico da Unidade de Medicina Nuclear de Galaria.
 - D. Joaquin Castillo Company, Radiofarmacéutico Xefe da Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia
 - D. Carlos Crespo Diz, Facultativo Especialista Xefe de Sección (Farmacia) do Complexo Hospitalario de Santiago.
 - Dña. Carolina González-Criado Mateo, Subdirectora Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
- Secretaria: Dña. Alicia Pombo Alcalde, Técnico de RRHH de Galaria.

Os membros da Comisión deberán de absterse de intervir, notificándoo á xerencia xeral, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, os aspirantes poderán recurrar aos membros da Comisión cando ao seu xuízo concorran as citadas circunstancias.

Sexta. Procedemento e tramitación

1. Tódolos listados serán publicados nas páxinas web: ww.galaria.org ou www.sergas.es
2. As reclamacións serán entregadas no Rexistro Xeral de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, no Servizo Galego de Saúde, Edificio Admvo. San Lázaro, 3º Andar (15.707 Santiago de Compostela), en horario de 9.00 a 14.00 horas, e irán dirixidas á Comisión de Valoración, indicando a referencia: "CT".
3. Rematado o prazo de presentación das solicitudes, será publicada a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, indicando neste último caso a causa de exclusión.



As e os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada relación, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas, ou para poder enmendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión; rematado este prazo procederase á publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

4. As/os aspirantes admitidos serán convocados nesta publicación para a realización das distintas probas con un prazo mínimo de 48 horas desde a publicación da lista de admitidos e excluídos (as probas non deberán realizarse antes de transcurridos 30 días dende a publicación da convocatoria no DOG). As/os aspirantes deberán vir provistos do DNI ou documento oficial que acredite a súa identidade e nacionalidade.

Por cuestións de organización, as diferentes probas realizaranse na mesma xornada.

Entenderase que desisten do dereito a este trámite aqueles aspirantes que non comparezan á citación.

5. Rematada a fase de oposición a Comisión de Valoración publicará os resultados das probas, abrindo un prazo de tres días hábiles para que os interesados poidan realizar as reclamacións que estimen pertinentes, que serán resoltas pola propia Comisión.
6. Resoltas as reclamacións relativas as probas, publicarase listaxe definitivo dos resultados das mesmas e ao mesmo tempo a listaxe provisional cós resultados da baremación das candidatas e candidatos do proceso. Pódese presentar reclamación a esta listaxe provisional nun prazo de tres días hábiles dende a súa publicación.
7. Resoltas as reclamacións, a Comisión de Valoración publicará as puntuacións definitivas de ámbalas dúas fases e a puntuación global resultante da suma de ambas.

Asemade, elevará o listado definitivo por orde de prelación a Galaria coa proposta de adxudicación dos contratos das ou dos aspirantes que acrediten a maior puntuación.

8. En calquera momento do proceso se a Comisión de valoración tivese coñecemento de que algún aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, logo da audiencia ao interesado, deberá acordar a súa exclusión se procede.

Así mesmo a Comisión de Valoración poderá solicitar a ampliación ou aclaración da documentación aos aspirantes, para os efectos da valoración dos méritos.

9. De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:
 - a. A aspirante de sexo feminino sobre o de sexo masculino, por atoparse a especialidade nas condicións de infrarepresentación previstas no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
 - b. Pola orde de maior a menor puntuación obtida polo interesado nas proba relacionadas coa especialidade.
 - c. Pola orde de maior a menor puntuación obtida polo interesado en cada apartado do baremo pola orde dos seus encunciados.
 - d. De maior a menor idade.

Sétima. Resolución

Galaria procederá á contratación laboral indefinida cun periodo de proba do candidat@ seleccionad@ a través deste proceso.

Notificados formalmente, se o seleccionad@ non responden ó chamamento no prazo de tres días, o interesad@ perderá os dereitos como adxudicatario ao contrato, podendo ser chamado o aspirante seguinte de conformidade coa orde de maior a menor puntuación outorgada pola Comisión de Valoración.



As persoas contratadas rexiranse polo establecido no Convenio Colectivo de Fundacións que regula as condicións de traballo do persoal que, con vínculo laboral, indefinido ou temporal, presta servizos nas fundacións constituídas pola Comunidade Autónoma de Galicia, ou sociedades públicas autonómicas, que desenvolvan actividade sanitaria, tanto hospitalaria como extrahospitalaria, ou calquera outra análoga ou complementaria.

Á finalización do proceso selectivo confeccionaranse listas por orden de puntuación para contratacións temporais sempre que os candidatos non manifesten expresamente a súa negativa.

En Santiago, a 22 de decembro de 2010

M^a Luisa Brandt Sanz
Directora Xerente
Galaria, empresa pública de servizos sanitarios



ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PARA A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS Ó PROCESO SELECTIVO DE CARÁCTER INDEFINIDO

Ref.: 2011/01

ESPECIALISTA EN RADIOFARMACIA (Rf^a: CT)

NOME _____

APELIDO 1 _____

APELIDO 2 _____

D.N.I. (prégase indicar letra NIF) _____

ENDEREZO

(a efectos de notificacións)

--

TELÉFONOS DE CONTACTO

Tfno. 1:	Tfno. 2:	Tfno. 3:
----------	----------	----------

Documentación aportada para o proceso (marcar cunha cruz):

- ☐ Fotocopia compulsada do DNI ou do pasaporte ou documento que acredite a identidade.
- ☐ Copia do currículum vitae
- ☐ Declaración responsable de non ter sido separado do servizo, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas ou da profesión.
- ☐ Certificación médica acreditativa da capacidade funcional para o desempeño do posto de traballo.
- ☐ Copia compulsada da titulación oficial esixida. Con homologación e traducción de ser preciso.
- ☐ Copia compulsada da especialidade e licencia valorable. Con homologación e traducción de ser preciso
- ☐ Acreditación da experiencia profesional:
Copia compulsada ou orixinal do certificado emitido pola institución sanitaria pública na que conste a categoría profesional, as datas da prestación do servizo e o tipo de vínculo baixo o cal foron prestados; ou certificado da dirección da institución privada no que consten os datos mencionados e acompañase do informe de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social e copia compulsada dos contratos de traballo.
- ☐ Acreditación da formación:
Copia compulsada dos diplomas ou certificados no que conste o título da actividade formativa, a identificación da entidade convocante e organizadora da mesma, as datas de realización do curso, o número de horas e/ou créditos do mesmo, o programa ou contidos impartidos e resolución de acreditación das comisions nacional ou autonómica de Formación Continuada.
- ☐ Acreditación de ponencias, publicacións e participación en proxectos de investigación.
- ☐ Outros.

ESPACIO RESERVADO PARA O
REXISTRO EN GALARIA

Asdo..(Nome candidato/a).....

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios

Tel. 981 577650 - Fax: 981 577843

Servizo Galego de Saúde

Edificio Admvo. San Lázaro, 3º Andar

15707 Santiago de Compostela



ANEXO II

TEMARIO

PARTE XERAL

1.- Estructura atómica e nuclear.

O modelo nuclear do átomo. Unidades ou cantidades fundamentais en Física Atómica. O concepto de número atómico. Constituíntes do núcleo atómico. Equivalencia entre masa e enerxía. Procesos de desintegración nuclear.

2.- Procesos radioactivos e lei da desintegración radioactiva.

Tipos de procesos radioactivos. Radiactividade natural e artificial. Emisión de raios gamma e conversión interna. Radiactividade alfa e radiactividade Beta. Actividade radioactiva. Decrecemento radioactivo. Semiperíodo. Vida media.

3.- Interacción da radiación coa materia.

Interacción das partículas cargadas coa materia. Pérdida radioactiva de enerxía. Relación alcance enerxía. Interacción das partículas alfa. Interacción das partículas beta. Interacción da radiación electromagnética. Efecto fotoeléctrico. Efecto Compton. Produción de pares. Atenuación de raios gamma. Interacción dos neutróns coa materia. Fontes de neutróns. Fisión nuclear. Reacción en cadea. Reactores nucleares.

4.- Magnitudes e unidades de radiación.

Consideracións xerais. Magnitudes estocásticas e non estocásticas. Fluencia, Exposición e dosis absorbida. Transferencia lineal de enerxía. Kerma. Coeficientes máxicos de transferencia e de absorción de enerxía.

Relacións entre as diferentes magnitudes de radiación.

Dosis integral. Eficacia biolóxica relativa (EBR) e factor de calidade. Dosis equivalente. Índice de dosis absorbida e de dosis equivalente. Dosis equivalente efectiva.

5.- Sistemas detectores de radiación.

Detectores de gas. Cámaras de ionización. Contadores proporcionais. Contadores Geyger Muller. Detectores de centelleo. Detectores de semicondución. Outros detectores.

6.- Efectos biolóxicos das radiacións.

Concepto de transferencia lineal de enerxía (LET) e eficacia biolóxica relativa (EBR). Acción directa e indirecta das radiacións ionizantes. Radiosensibilizadores e Radioprotectores. Efectos das radiacións a nivel subcelular. Radiosensibilidade celular.

7.- A protección radiolóxica. Blindaxes.

Efectos nocivos da radiación. Concepto de risco e relación dosis –risco. Cálculo da taxa de exposición e da dosis absorbida. A protección contra a irradiación externa. Dosimetría. Límites anuais.

Blindaxes para partículas cargadas e para fontes de radiación gamma. A protección contra a irradiación interna. Control da contaminación. Lexislación en materia de protección radiolóxica.

8.- Obtención de radionucleidos.

Radionúclidos naturais e artificiais. Tipos de reaccións nucleares para a produción de radionúclidos. Reactor nuclear, ciclotrón.

9.- Residuos.

Clasificación e xestión de residuos. Residuos perigosos. Os residuos radioactivos. Tratamento de residuos radioactivos sólidos, líquidos e gaseosos. Normativa aplicable en materia de residuos e residuos radioactivos.

10.- As instalacións nucleares e radioactivas.

Definición, clasificación e autorizacións. O persoal das instalacións nucleares e radioactivas. Persoal operador e supervisor. As instalacións radioactivas con fins científicos, médicos, agrícolas, comerciais ou industriais. Lexislación.

11.- O transporte de material radioactivo.

O transporte de mercancías perigosas. Regulamento para o transporte seguro de material radioactivo. Os requisitos incorporados na regulamentación nacional e internacional para os distintos modos de transporte de material radioactivo.

12.- A lei de garantías e uso racional de medicamentos e produtos sanitarios.

A seguridade, a eficacia e a calidade dos medicamentos. O uso racional dos medicamentos.

13.- Medicamentos especiais. Medicamentos radiofármacos.

Concepto e tipos de medicamentos radiofármacos. Guías de Boa Práctica Radiofarmacéutica. Normativa.



14.- A fabricación de medicamentos.

As materias primas de uso farmacéutico: produción e control de calidade de materias primas de uso farmacéutico. Criterios de selección de especificacións. Farmacopeas. Outras normas de referencia. Métodos de control.

15.- Os medicamentos parenterais.

Fabricación de medicamentos parenterais. Selección de procesos de esterilización. Validación. Liberación paramétrica. Normas de referencia. Especificacións. Métodos de control.

16.- A autorización e rexistro de medicamentos en España e na Unión Europea.

Procedementos nacional e descentralizado. Recoñecemento mutuo. Procedemento centralizado. A Axencia Española de Medicamentos e Productos Sanitarios. Estructura e funcións. A Axencia Europea de Medicamentos. Estructura e funcións.

17.- Garantías de identificación e información de medicamentos.

A denominación oficial española (D.O.E) e a denominación común internacional (D.C.I.). A ficha técnica. Etiquetado e prospecto.

18.- Garantías de dispoñibilidade de medicamentos.

Condicións de prescrición e dispensación de medicamentos. Dispoñibilidade de medicamentos en situacións específicas e autorizacións especiais.

19.- As garantías de seguridade e eficacia dos medicamentos.

Estudios toxicolóxicos e preclínicos clínicos con medicamentos. Requisitos exigibles aos laboratorios de ensaio. Calidade esixible aos laboratorios de ensaio. As Boas Prácticas de Laboratorio. Os ensaios clínicos con medicamentos. Normas de Boa Práctica clínica.

20.- Farmacovixilancia.

Concepto e obxectivos. Estructura, organización e funcionamento da farmacovixilancia en España. As boas prácticas de farmacovixilancia. Normativa.

21.- Os sistemas de garantía de calidade.

Requisitos. Obxectivos. Deseño do sistema de garantía de calidade. Garantía de calidade en fabricación e control. Auditorías internas. Tratamento de non conformidades e reclamacións. Medidas correctivas. Formación do persoal. A certificación dos sistemas de garantía de calidade. Organismos nacionais e internacionais. Requisitos esixibles aos organismos de certificación.

22.- A garantía de calidade farmacéutica.

Normas de correcta fabricación de medicamentos da Unión Europea. A Real Farmacopea Española e o Formulario Nacional. A Farmacopea Europea.

23.- Calibración e uso de activímetros.

Introducción. Funcionamento e utilización. Factor de calibración e xeometría de referencia: a súa determinación. Proceso de medida dunha fonte.

24.- Erros nas medidas de radiactividade.

Introducción. Fontes de erro nas medidas de radiactividade. Factores que afectan á eficiencia do detector. Calibrado do mesmo. Estadística aplicada ás medidas radiactivas. Erros absolutos e relativos. Distribución óptima dos tempos de medida.

PARTE ESPECÍFICA

25.- As unidades de radiofarmacia. Deseño e xestión.

Concepto e tipos. Deseño dunha Unidade de Radiofarmacia. Xestión administrativa. Persoal. Locais e equipos. Operacións de recepción, almacenamento, preparación e control de radiofármacos. Xestión de residuos. Normativa. Xestión dos radiofármacos. Criterios técnicos na elección de radiofármacos. Adquisición de radiofármacos. Planificación e control de existencias. Xestión sobre a Prevención de Riscos Laborais e sobre a Protección de Datos e a normativa aplicada.

26.- Técnicas de preparación de radiofármacos convencionais.

Elaboración de procedementos de traballo. Procedementos pechados e abertos. Aspectos xerais na elaboración de radiofármacos convencionais tecniciados, mostras autólogas e radiofármacos listos para uso.



27.- Materiais de partida para elaboración de preparacións extemporáneas.

O Xenerador de $^{99}\text{Mo}/^{99\text{m}}\text{Tc}$. Fundamento . Outros xeneradores. Os equipos: composición e procesos químicos. O marcaxe de mostras autólogas.

28.- Preparación de radiofármacos tecneciados.

Radiofármacos de perfusión cerebral, pulmonar e miocárdica. Radiofármacos utilizados en sistema vascular. Exploración do sistema óseo, renal, hepatobiliar e linfático. Outros radiofármacos tecneciados.

29.- Preparación de radiofármacos a partir de radionúclidos precursores.

Tipos de radioisótopos de iodo. Mecanismos de reacción de iodación. Purificación e estabilidade dos radiofármacos iodados. Indicacións diagnósticas e terapéuticas. Radiofármacos do Indio (^{111}In) Química do Indio. Marcaxe de péptidos e proteínas. Radiofármacos con itrio (^{90}Y). Outros.

30.- Radiofármacos de Diagnóstico listos para uso.

Tipos. Radiofármacos de uso diagnóstico. Radiofármacos terapéuticos. Estabilidade e Control de calidade.

31.- Radioterapia metabólica.

Principios da radioterapia metabólica. Hipertiroidismo e cancro de tiroides. Policitemia vera. Feocromocitomas e tumores adrenérxicos. Tratamento da dor oncolóxica. Futuras perspectivas. Outros usos dos radionucleidos. Técnicas analíticas.

32.- Radiofármacos autólogos.

Marcaxes de proteínas séricas e células sanguíneas (hematíes, leucocitos e plaquetas). Probas funcionais diagnósticas. Métodos e control.

33.- Control de calidade de radiofármacos.

Aspectos xerais. Controles físico-químicos (pH, isotonicidad, tamaño de partícula). Controis biolóxicos (test de apirogenicidad, esterilidad).

Parámetros radiolóxicos no control de calidade. Actividade específica, pureza radioquímica e radionucleídica.

34.- Técnicas analíticas en control de calidade de radiofármacos.

Técnicas cromatográficas: en capa fina. Cromatografía en columna. Cromatografía líquida de alta resolución. Outras técnicas: Electroforesis, filtración, extracción líquido-líquido.

35.- Radiofarmacoloxía.

Conceptos xerais. Procesos LADME. Aspectos farmacocinéticos e farmacodinámicos. Vida media efectiva. Biodisponibilidade e bioequivalencia. Dosimetría interna.

36.-Exploracións diagnósticas pola imaxe. Gammacámara: Funcionamento e tipos. Exploracións estáticas e dinámicas; planares e tomográficas. Anatomía, fisiopatoloxía, radiofármacos e aplicacións clínicas.

37.- Exploracións diagnósticas sen imaxe.

Eritrocínética, Volumen eritrocitario, Volumen plasmático, Ferrocínética, Captación e descarga tiroidea. Probas funcionais renais: Filtrado glomerular, Flujo plasmático renal efectivo. Probas funcionais dixestivas: Pérdidas sanguíneas dixestivas, Pérdidas proteicas dixestivas.

38.- Producción de radiofármacos.

Preparación de radiofármacos, radionucleidos precursores e xeradores. Proceso de produción e métodos. Control de materias primas, produtos intermedios e produto final. Acondicionamento. Equipos. Preparación de equipos. Control de materias primas, produtos intermedios e produto final.

39.- Radiofarmacia PET.

Deseño e equipamento. Aspectos diferenciais. Principios xerais de aseguramento e control de calidade de radiofármacos PET. Áreas de interese de radiofármacos emisores de positróns en oncoloxía, enfermidades neurolóxicas e neurodexenerativas.

40.- Radionuclidos emisores de positróns.

Produción de radionúclidos en ciclotrón (^{11}C , ^{13}N , ^{15}O , ^{18}F). Reaccións nucleares. Outros radionúclidos PET. Radionuclidos emisores de positróns obtidos mediante xeneradores.

41.- Tecnología del Ciclotrón

Sistemas automáticos e semiautomáticos. Componentes mecánicos e electrónicos básicos: válvulas, detectores, sensores, medidores e reguladores de fluxo, presión e temperatura; sistemas de control.



42.- Radiofármacos marcados con ^{18}F .

Principios xerais de síntesis. Substitución nucleofílica e electrofílica. Descrición monográfica estrutura; síntesis; formulación; forma farmacéutica; control de calidade; mecanismo de acción; farmacocinética; indicacións e posoloxía; contraindicacións e precaucións; interaccións e interferencias medicamentosas ou de outro tipo; efectos secundarios; dosimetría de: ^{18}F -fluorodesoxiglucosa, ^{18}F -fluoruro, ^{18}F -DOPA. Outros radiofármacos fluorados.

43.- Radiofármacos marcados con ^{11}C .

Principios xerais de síntesis de radiofármacos marcados con ^{11}C . Trampas crioxénicas e de tamiz molecular. Precursores primarios e secundarios: $^{11}\text{CO}_2$, $^{11}\text{CH}_3\text{I}$, ^{11}C -metil triflato. Estratexias de síntesis. Síntesis en solución, en fase sólida e en loop. Descrición monográfica (estrutura; síntesis; formulación; forma farmacéutica; control de calidade; mecanismo de acción; farmacocinética; indicacións e posoloxía; contraindicacións e precaucións; interaccións e interferencias medicamentosas ou de outro tipo; efectos secundarios; dosimetría) de L-metionina (metil[^{11}C]), O-metil[^{11}C]racloprida. Outros radiofármacos marcados con ^{11}C .

44.- Radiofármacos marcados con ^{13}N e ^{15}O .

Principios xerais de síntesis de radiofármacos marcados con ^{13}N e ^{15}O . Descrición monográfica (estrutura; síntesis; formulación; forma farmacéutica; control de calidade; mecanismo de acción; farmacocinética; indicacións e posoloxía; contraindicacións e precaucións; interaccións e interferencias medicamentosas ou de outro tipo; efectos secundarios; dosimetría) de ^{13}N -amoniaco, ^{15}O -auga, gases marcados con ^{15}O : ^{15}O -monóxido de carbono.

45.- Outros radiofármacos.

Posibilidades e limitacións. Situación actual e perspectiva.

46.- A tecnoloxía PET en diagnóstico por imaxe.

Tomógrafos PET e PET-CT: principios de funcionamento; tipos de cristais e características diferenciais; adquisición ^2D e ^3D ; procesado. Tomógrafos para pequenos animais: microPET.

47.- A tecnoloxía PET en investigación.

Investigación traslacional. Aplicación dos radiofármacos PET a I+D de novos fármacos. Estudos de competición: *drug challenge studies*. Estudos de microdosificación. Análise de metabolitos. Análise dinámico dos datos. Visualización *in vivo* da expresión dos xens mediante tomografía de emisión de positróns: *PET-reporter genes*. Combinación de estudos PET-microPET e autorradiografía dixital cuantitativa de corpo enteiro. Marcaxes dobles.

48.- Química do tecnecio.

Xeralidades. Características dos metais de transición. Propiedades químicas dos elementos do grupo VII. Estados de oxidación. Propiedades redox. Especies iónicas. Diferenzas entre a química do tecnecio e a do renio. Estados de oxidación do tecnecio e os seus principais compostos. Estados de oxidación (VII) e (VI). Compostos con ligandos oxo. Estado de oxidación (V). Compostos co núcleo « $[\text{TcO}]3+$ ». Compostos co núcleo « $[\text{TcO}_2]+$ ». Nitruros e outros compostos. Estados de oxidación (IV) e (III). Compostos con ligandos contendo nitróxeno, osíxeno e azufre. Compostos con enlaces metal-metal. Estados de oxidación (II) e (I). Compuestos con fosfinas e isonitrilos. Carbonilos.

49.- Procesos químicos nun equipo reactivo.

Descrición xeral dun equipo. Funcións dos compoñentes: Redutor, ligando, ligando secundario, antioxidantes, tampóns, outros. Principais reductores e aditivos.



ANEXO III

BAREMO DE MÉRITOS

Os meritos valorables, que se computarán ata a data anterior á da publicación do anuncio na prensa da presente convocatoria, son os que a continuación se relacionan.

A puntuación máxima a acadar por cada aspirante polos méritos previstos neste apartado será de 40 puntos.

A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: Máximo global de puntos neste apartado 22 puntos.

- 1) Por cada mes completo de servizos prestados como Xefe de produción ou Xefe de calidade en laboratorio/unidade de radiofármacos convencionais e/ou emisores de positrons → 0,20 puntos/mes.
- 2) Por cada mes completo de servizos prestados como especialista en unidades ou laboratorios produtores de radiofármacos convencionais e/ou emisores de positrons → 0,13 puntos/mes.

O periodo de formación para a obtención do título de especialista non poderá ser valorado, en ningún caso, como tempo de servizos prestados.

B. FORMACIÓN ESPECIALIZADA: Máximo de puntos neste apartado 10 puntos.

- 1) Pola acreditación da realización da especialidade polo acceso a unha plaza de formación sanitaria especializada → 5 puntos.
- 2) Pola acreditación do Grao de Doutor → 2 puntos.
- 3) Pola realización de todos os cursos de Doutorado (sistema anterior ó Real decreto 185/1985) ou pola realización do programa de Doutorado ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os Reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do Diploma de Estudios Avanzados (DEA) → 1 punto.
- 4) Premio extraordinario de Doutorado → 0,5 puntos.
- 5) Pola acreditación da Licencia de Supervisor de instalacións radiactivas → 0,5 puntos.
- 6) Por ter obtido o título doutra especialidade distinta á que se presenta e co título validado polo Ministerio de Educación e Ciencia → 1 punto.

C. FORMACIÓN CONTINUA: Máximo de puntos neste apartado 4 puntos.

Pola asistencia debidamente xustificada a cursos de formación e perfeccionamento, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da especialidade á que se opta:

	Por crédito	Por hora
Acreditados pola Comisión Nacional de Formación Continua ou pola Comisión Autonómica de Formación Continua	0,10	0,010
Realizados en aplicación dos Acordo de Formación continua das Administracións Públicas	0,10	0,010
Impartidos por empresas de acreditado prestixio	0,05	0,005
Por impartir os anteditos cursos	0,20	0,020

Os cursos valoraranse polos créditos que consten nos seus certificados. De non constar os créditos, os cursos valoraranse polas horas que se especifiquen no certificado.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren neste.

Non serán valorados os cursos realizados durante a especialización que estean incluídos no programa docente da especialidade correspondente.

D. ACTIVIDADE CIENTÍFICA-DOCENTE: Máximo de puntos neste apartado 4 puntos.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios

Tel. 981 577650 - Fax: 981 577843

Servizo Galego de Saúde

Edificio Admvo. San Lázaro, 3º Andar

15707 Santiago de Compostela



D.1.- Por traballos científicos relacionados directamente coa categoría e especialidade á que se opta.
Máximo de puntos neste subapartado **2 puntos**.

- 1) Por cada publicación de revista indexada: factor impacto → 0,5 puntos.
- 2) Por cada publicación de revista non indexada → 0,1 puntos.
- 3) Por cada capítulo de libro → 0,5 puntos.
- 4) Monografías sobre a especialidade → 1 punto.
- 5) Por cada libro completo → 2 puntos.
- 6) Comunicacións Internacionais → 0,5 puntos.
- 7) Comunicacións Nacionais → 0,05 puntos.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.

Só se valorarán os traballos nos que o interesado figure como un dos tres primeiros autores.

D.2.- Por proxectos de investigación. Máximo de puntos neste subapartado **2 puntos**.

- 1) Por cada participación en proxectos de investigación financiados por axencias estatais, acreditada mediante Resolución publicada no Boletín Oficial correspondente → 1 punto.